



MEMORIA DA ADDENDA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN, PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN, DIVULGACIÓN E INVESTIGACIÓN

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a EGAP subscribiron o 14/07/2025 un convenio de colaboración cuxo obxecto é a colaboración e o desenvolvemento conxunto de actividades de carácter formativo, divulgador e investigador en materias da competencia das institucións asinantes do mesmo; actuando de forma máis eficaz e eficiente na utilización dos medios humanos, materiais e organizativos de cada unha delas, para un mellor cumprimento dos fins de ambas as dúas partes, en beneficio da cidadanía e da sociedade galega.

Unha vez asinado o devandito convenio, detéctanse erros de transcripción con respecto ao modelo de convenio de colaboración informado favorablemente o 19/06/2025 pola persoa titular da Asesoría Xurídica da Consellería de Facenda e Administración Pública.

Polo tanto, resulta necesario modificar o convenio mediante esta addenda co fin de emendar eses erros de transcripción. Por unha banda, modifícase a cláusula terceira, referida ao procedemento de definición da acción formativa; por outra, modifícase a cláusula sexta, referida ao orzamento.

Esta addenda ten natureza administrativa e réxese polo disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, polas demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.





Terase en conta o establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en especial no que se refire á publicidade desta addenda ao convenio.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento desta addenda serán de coñecemento e competencia da Orde xurisdicional do contencioso-administrativo.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A secretaria xeral da EGAP

Sandra Docampo Ramos

